

# Modulo 6: Compromiso



Imaxe: IntelFreePress -Flickr (CC: by)

Xoanca Albarellós, Benxa Salgado

CC: by-nc-sa

## contido

Escenario .....	2
Descrición .....	2
Obxectivos .....	3
Criterios de avaliación .....	3
Recursos para o profesorado .....	3
Tratamento das competencias.....	4
Dimensión da cultura dixital.....	4
Proposta .....	5
Desenvolvemento.....	6
Recursos .....	7

## Escenario

**ETAPA:** 3º ciclo de educación primaria

**ÁREAS:** Interdisciplinar

**AUTORES:** Xoán Carlos Albarelos e Benxamín Salgado

**DEREITOS:** CC (by-nc-sa)

### DESCRIPCIÓN

*"A clave da seguridade radica en entender a responsabilidade que leva consigo o uso da tecnoloxía."*

Adquirir esa responsabilidade, e exercela na vida cotiá, significa madurez persoal e compromiso social.

Chegar a ese compromiso precisa dun proceso educativo. Pais, nais e profesorado vémonos implicados directamente na educación de todos os elementos que se precisan.

Non podemos negar a gran preocupación sobre os problemas de seguridade e vulneración da intimidade que os medios dixitais, e en especial internet, veñen provocando na sociedade. A necesidade de actualización profesional, por parte do profesorado, e a rapidez con que as tecnoloxías propoñen novas ferramentas, sistemas e dispositivos, veu a limitar en certo modo a dispoñibilidade para ocuparse dunha parte fundamental da educación no uso destas tecnoloxías, a seguridade e a responsabilidade. Así é frecuente a aparición nos medios de comunicación de novas relacionadas coa utilización inapropiada, e moitas veces ilegal, dos recursos da rede por parte de menores. Se ben é certo que estes casos son os menos, tamén é verdade que non deixan de ser preocupantes e que reflicten unha realidade que debemos asumir: os comportamentos no mundo virtual da rede son practicamente iguais aos que se producen a cotío na vida real, pero veñen agravados pola circunstancia da facilidade para o anonimato.

Creemos, por tanto, que a educación do cidadán dixital ten que ser parella á educación da propia persoa e ao coñecemento da utilización técnica e práctica das ferramentas e dispositivos tecnolóxicos que desenvolvamos na aula.

## OBXECTIVOS

- Descubrir a importancia da seguridade na rede.
- Desenvolver actitudes preventivas.
- Conseguir hábitos de autoprotección.
- Coñecer as normas elementais de comportamento na rede.
- Adquirir as pautas de seguridade propias da navegación e a utilización de aparellos dixitais.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valora a influencia das TIC nas condicións de vida e no traballo .
- Utiliza métodos de control autonomamente para dosificar o tempo de utilización da tecnoloxías dixitais.
- É quen de xestionar con seguridade os datos persoais.
- Coñece e amosa interese pola utilización das normas de seguridade persoal na rede.
- Valora a importancia do respecto ás demais persoas e usuarios/as da rede, nos ámbitos de intimidade e propiedade intelectual.

## RECURSOS PARA O PROFESORADO

- Compendio de recursos audiovisuais e interactivos sobre a seguridade e a responsabilidade na rede.
- Artigo en "Eduteka" sobre a "cidadanía dixital" cun completo análise da cuestión.

## Tratamento das competencias

### Dimensión da cultura dixital

Amosa interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.

Valora a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.

É consciente da necesidade de controlar o tempo de entretemento coas tecnoloxías da información e a comunicación e do seu poder de adicción.

Xestiona a identidade dixital e o grado de privacidade e de seguridade dos datos persoais e da información en internet.

Coñece e respecta os diferentes ámbitos de propiedade dos contidos dixitais.

## Proposta

**TÍTULO:** “Cidadanía dixital”

**NIVEL:** 5º de primaria.

**ÁREAS:** (Transversal), Coñecemento do medio, cidadanía, matemáticas, lingua castelá, lingua galega, plástica.

### INTRODUCCIÓN:

*“A medida que cada vez é maior a cantidade de información de carácter confidencial que gardamos electronicamente, debemos xerar a estratexia correspondente para protexela. Os estudantes deben aprender a protexer os datos electrónicos (por exemplo, virus, corta-lumes e almacenamento fóra de liña en disquete, CD... ). Protexer o equipo persoal non soamente indica responsabilidade de parte do usuario senón que responde á necesidade de protexer a comunidade. Por exemplo, mantendo actualizado o antivirus. Pero a seguridade vai máis alá da protección dos equipos. Inclúe protexernos a nós mesmos e a outros de influencias externas que poden causarnos danos físicos.”* [EduTEKA. Cidadanía dixital]

A seguridade na rede ven, xa que logo, definida por tres elementos a considerar:

**Seguridade dos dispositivos:** coñecer a marxe de vulnerabilidade que estes aparatos teñen no seu uso en conexión á rede é fundamental para elaborar os hábitos de coidado e mantemento imprescindibles. Aínda que a proliferación de dispositivos é cada vez maior as características de uso da rede son as mesmas, polo que os aspectos a desenvolver a nivel educativo non deberían de supoñer un problema.

**Seguridade dos datos:** ata a expansión da internet a única preocupación dos usuarios e usuarias de equipos informáticos era a de manter unha certa seguridade no almacenamento de documentación para non perder horas de traballo e información valiosa. Agora a rede nos proporciona a posibilidade de ter esa documentación na “nube”, facilitándonos ademais o acceso sen condicionamentos relativos a dispositivos, espazos nin tempos, pero a cambio esíxenos ter que subministrar datos persoais continuamente para os rexistros nas distintas plataformas da web (nome de usuario/a, contrasinal e, demasiadas veces, outros complementarios totalmente privados). É preciso saber como facelo para non facilitar aqueles que poidan utilizarse de maneira inapropiada, pero tamén é importante salvagardar os que son precisos para identificarse posto que a súa perda ou uso descoidado poden dar pé a inxerencia de outros/as nos nosos espazos persoais.

**Seguridade persoal:** é a parte máis vulnerable na etapa infantil. A inxenuidade propia da idade do noso alumnado nunha rede chea de xentes anónimas, que aínda que na súa maioría sexan usuarios e usuarias sen máis intención que a de gozar como calquera da impresionante oferta de recursos da internet, poden poñer en perigo a intimidade e no peor dos casos a saúde mental dos nenos e nenas e as súas familias. É importante crear as pautas de comportamento precisas para poder defenderse autonomamente no medio, ao igual que o facemos co medio físico no que vivimos tratando de que coñezan e entendan os perigos propios do mesmo.

## DESENVOLVEMENTO

A actividade propón cinco elementos para o tratamento da seguridade na rede tomados de diferentes achegas existentes na web 2.0:

1. **Seguridade:** Trata de enmarcar a cuestión, suxerindo cales son os problemas máis frecuentes que se poden producir na internet e proporciona, a través dun vídeo, 10 claves para a súa utilización dentro dos parámetros de seguridade.
2. **Vídeos:** Neste apartado, e tamén con apoio audiovisual, trátase de concienciar e provocar o debate no alumnado sobre tres cuestións importantes: a seguridade dos dispositivos informáticos, a seguridade persoal e o respecto aos demais e a súa intimidade.
3. **Glosario:** Coñecer a terminoloxía técnica dos elementos relacionados coa seguridade é parte da formación dos nosos alumnos e alumnas. Por iso propoñemos introducilos a través dun sinxelo xogo de sopa de letras para que nos possibiliten o seu tratamento na aula.
4. **Conclusión:** Insistindo na seguridade persoal, e para provocar a reflexión do alumnado, propoñemos un test de tres bloques que pode servir como síntese do traballado ata o momento.
5. **Para sabernos máis:** E como complemento a todo isto propoñemos unha actividade interactiva que, ademais de repasar todos os elementos analizados no módulo, aporta pautas e recomendacións (en positivo) de cómo mellorar os aspectos comunicativos, de traballo e mesmo de diversión na rede.

## Recursos

**Proposta de actividade: “A seguridade na rede”**

**[Acceso á proposta.](#)**

**Folla de ruta para o profesorado.**

**[Acceso ao artigo](#)**